



O equipo de traballadores de Galaxia, con algúns dos últimos títulos publicados, onte, na sede da editorial en Vigo. M. MORALEJO

Otero Pedrayo, fundador do selo, foi membro do xurado na súa primeira edición

O Premio Fernández Latorre foi instituído en 1959, en memoria do fundador de La Voz de Galicia, e ten carácter anual. Durante a súa primeira etapa distinguía artigos xornalísticos sobre Galicia publicados en calquera medio de comunicación, nacional ou estranxeiro.

Desde 1997, no 115.º aniversario do periódico, establecéronse tres categorías: prensa, radio e televisión e medios audiovisuais. Foi xa no ano 2003 cando se volveu ao formato tradicional e desde ese momento non se limita a textos periodísticos, senón que reconece tamén traxectorias persoais e profesionais.

A relación entre o galardón e os intelectuais galegos vencellados á editorial Galaxia é moi estreita desde a súa creación. Xa na primeira edición do premio foi membro do xurado o académico e escritor Ramón Otero Pedrayo, un dos fundadores do selo e primeiro presidente de Editorial Galaxia.

Autores galardoados

E, entre os galardoados ao longo deste medio século, destaca a presenza significativa de nomes moi vinculados ao labor de Galaxia, como Carlos Casares (1983), Ramón Piñeiro (1990), Francisco Fernández del Riego (1994), Domingo García-Sabell (1998) ou Víctor Fernández Freixanes (2002).

A editorial Galaxia, galardoada co Premio Fernández Latorre

O xurado destaca o seu «compromiso inquebrantable» coa cultura galega

REDACCIÓN / LA VOZ

A editorial Galaxia, fundada o 25 de xullo de 1950, foi galardoada co Premio Fernández Latorre na súa 55.ª edición polo seu «compromiso inquebrantable» coa lingua e a cultura galegas.

A acta da reunión do xurado desta 55.ª edición do galardón recolle así a decisión dos seus membros:

«O Padroado da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, constituído en Xurado para fallar o LV Premio Fernández Latorre, instituído en memoria do fundador de La Voz de Galicia, acordou conceder por unanimidade o Premio Fernández Latorre, na súa edición do 2013, dotado con 10.000 euros, á Editorial Galaxia.

«O Xurado valorou especialmente a contribución da editorial á recuperación e fomento da lingua e a cultura galegas e o seu compromiso inquebrantable co patrimonio cultural de Galicia, que se ten concretado na publicación dos autores máis destacados da comunidade ata formar un catálogo vivo de mil títulos. Destacou así mesmo o seu papel dinamizador da vida intelectual galega e a posta en marcha de proxectos tan ambiciosos e fundamentais para a comunidade como a Fundación Penzol e a revista *Grial*.

O xurado desta 55.ª edición do Premio Fernández Latorre estivo constituído polas seguintes persoas: Santiago Rey Fernández-Latorre, presidente da fundación; Lois Blanco Penas, Roberto L. Blanco Valdés, Sergio

Cancelo Mallo, Luciano Vidán Martínez, vogais; José Francisco Sánchez Sánchez, vogal e director da fundación; Xosé Luís Vilela Conde, director de La Voz de Galicia, e Manuel Areán Lalín, vicepresidente da funda-

ción, que actuou tamén como secretario.

A entrega do galardón celebrárase no último trimestre deste ano nun acto que terá lugar no Museo Santiago Rey Fernández-Latorre.

A árbore dos avós

O desafío está no futuro. Non só para nós, que somos unha parte do sistema, senón para o país, para a sociedade galega no seu conxunto, que afronta unha realidade inzada de incertezas. Incertezas tamén para a lingua e para a nosa cultura. ¿Que queremos facer de nós? Unha editorial non é só unha empresa que produce libros. Unha editorial é unha plataforma de xestión de información, creación e coñecemento, lanzadeira de ideas e, ao mesmo tempo, espazo aberto para debater, para discutir o mundo. Un territorio de relacións e de concertación.

Cando en 1950 os fundadores de Galaxia botaron a andar o proxecto, as circunstancias eran difíciles. Non é cousa de lembralas: a ditadura, o atraso, os prexuízos, os medos, un país derrotado e coa memoria estragada... Hoxe a realidade é distinta. Mais non por iso mudaron as dificultades. Galicia segue sendo un soño posible. Pero hai que gañalo cada día, imaxinalo, traballalo, conquistalo. E a dimensión das cousas non é a de hai 63 anos. A globalización

rompeu fronteiras, pero tamén uniformou discursos, anulou intereses, matou identidades. Os hábitos de cultura, a dinámica de consumos, os valores éticos (e épicos) mudaron. A televisión é o gran circo das masas. As novas tecnoloxías da relación social, Internet, o negocio do espectáculo, a concentración de capitais financeiros, as estratexias de ocupación cultural dos grandes grupos de comunicación, a economía do entretemento (que os norteamericanos USA consideran parte das industrias culturais, xunto cos parques temáticos, os equipos de fútbol e os casinos), etc., conforman un mundo novo, radicalmente distinto daqueloutro mundo dos fundadores, suxeito a constantes transformacións.

Este é o contexto dende o que asumimos a heranza dos avós. Eles chantaron a árbore. A nosa obriga (o desafío) é facela medrar, ben calcada nas raíces, para que dea froitos novos cada ano. Novos e renovados. Galaxia (e as súas fundacións) é un patrimonio social do que nos sentimos responsables e que atinxe a cidadanía toda, homes e mulleres deste país que celebra medio século da revista *Grial* e da Funda-

ción Penzol, e século e medio da primeira edición dos *Cantares*.

Neil Postmann dicía que toda cultura está obrigada a pactar coa tecnoloxía do seu tempo, e a que non pacta sucumbe. Pensando na próxima década e no horizonte das novas xeracións, os desafíos máis inmediatos son: a incorporación da cultura galega (non só o libro) ás tecnoloxías da dixitalización, e a proxección exterior do noso discurso.

Ou logramos que saiban de nós (do que somos, do que sentimos, do que nos interesa) máis alá das nosas fronteiras, dialogando ou cando menos participando no gran foro universal, interactuando con outras linguas e outros espazos culturais alén do noso, ou acabamos acurrunchados nunha especie de reserva temática, máis ou menos exótica, na que irremediabilmente nos esgotaremos. Ou damos entrada con pulo e sen complexos nas plataformas e nas linguaxes de distribución global (dixitalización), ou nos resignamos á condición (subvencionable) das pezas de museo. E nós non estamos porque nos descabalguen da Historia.

55.º PREMIO FERNÁNDEZ LATORRE

BENXAMÍN CASAL PRESIDENTE DE GALAXIA

«O proxecto máis grande que pode ter o país é a súa cultura»

«Temos moito que dicirle ao mundo desde Galicia», reivindica Casal

LUÍS POUSA

REDACCIÓN / LA VOZ

O histórico galeguista Benxamín Casal (Lugo, 1935) leva trinta anos compartindo o proxecto colectivo que é Galaxia. O actual presidente do consello de administración da editorial fala con entusiasmo do labor histórico do selo, pero aínda con máis entusiasmo dos camiños que abren as novas tecnoloxías e a globalización dos mercados.

—O premio que leva o nome do fundador de La Voz e da Biblioteca Gallega será moi especial para Galaxia, ¿non?

—É moi prestixioso, si, estamos encantados. Naturalmente é moi especial para nós porque é unha referencia para toda a edición galega. Moitos de nós empezamos a ler sobre Galicia na Biblioteca Gallega.

—E tamén é significativo que sexa un premio da sociedade civil á propia sociedade civil, porque Galaxia naceu do país, non das institucións.

—Absolutamente. Nós resaltamos moito iso: a sociedade civil facéndose cargo dunha empresa, dun proxecto de país. Porque o proxecto máis grande que pode ter o país é a lingua e a cultura galegas.

—A editorial nacía precisamente un 25 de xullo en Compostela...

—Si, hai exactamente 63 anos, nos baixos do Hotel Compostela. O proxecto pretendía a normalización e dignificación da cultura e a lingua galega e a conexión coa modernidade e a contemporaneidade. E o que fixeron os fundadores o seguimos a considerar como vixente.

—Viu a luz en tempos escuros. ¿Como foron aqueles comezos?

—Para evitar problemas a Xaime Isla ocorréuselle crear Galaxia como unha sociedade mercantil e non como unha editorial. Pero desde o principio foi moito máis que unha simple editorial. O seu patrimonio actual co fondo histórico chega aos tres mil títulos e ten un catálogo vivo con mil referencias. Toda esa traxectoria nós a consideramos máis un activo de futuro porque consideramos que a lingua e a cultura galegas se-



O presidente de Galaxia, Benxamín Casal, onte, no Circulo das Artes de Lugo. PRADERO

guen vivas e son capaces de conectar coas novas xeracións e coas novas demandas.

—Neste medio século foise cara diante, ¿pero non cre que agora estamos retrocedendo na defensa do galego?

—Estase retrocedendo internamente no país. E coa globalización están entrando outras culturas no país, pois nós o que temos que facer e saír fóra coa nosa cultura e cremos que temos moito que dicirle ao mundo desde Galicia e desde a nosa cultura.

—¿E como se concreta esa aposta?

—É un proxecto selectivo e de excelencia. É un selo que se vai chamar Mar Maior e así pretendemos atacar esta estratexia de globalización, enfrontarnos con ela e estar presentes no mundo adiante. Empezando por América e concretamente por Arxentina e Bos Aires. Pretendemos facelo arredor da primavera do 2014.

—¿En galego e castelán?

—A idea do proxecto Mar Maior é publicar en castelán, portugués e inglés. Actualmente os nosos autores van doutras mans aos mercados español, portugués ou inglés, e pretendemos que vaian directamente desde a cultura autóctona a eses mercados, esa é a estratexia, unha

oportunidade de poñer o discurso galego noutros espazos lingüísticos e outros mercados, e tamén damos a posibilidade de que eses autores accedan a eses mercados desde as nosas estruturas. A estratexia é chegar á rede social dos galegos no mundo. A Galicia exterior é moito máis que unha rede social. Está fóra da Galicia territorial, pero se recoñece como galega. Non a podemos deixar fóra de nós.

—Nesa liña foron moi importantes as traducións de Galaxia ao galego de autores contemporáneos, como Sebald ou Auster, que mesmo podemos ler en galego antes de que houbera versión en castelán.

—Eu creo que si. Murakami e Auster publicáronse antes en galego que en castelán. Forma parte desta mesma visión e filosofía. E agora imos nós a onde está o mercado orixinal de Murakami ou Paul Auster a presentar obras fundamentais da nosa cultura. Algunhas escritas por galegos en castelán e que foron practicamente ignoradas, como son obras de Blanco Amor e de Cunqueiro.

—¿Non habería que liberarse de complexos e reivindicar tamén a obra en castelán de grandes autores galegos?

—Claro, iso forma parte da nosa estratexia. Imos chegar a Arxentina cos *Cuentos para las Amé-*

ricas, de Emilia Pardo Bazán, con *El desterrado*, de Julio Camba, cunha antoloxía bilingüe de Rosalía con prólogo de Ernesto Sabato, e coas crónicas periodísticas de Eduardo Blanco Amor en *La Nación*...

—Á miña xeración a normalización lingüística colleunos na EXB así que temos un libro de Galaxia moi presente: o «Diccionario» de Franco Grande...

—¡Aí aprendemos todos! O *Diccionario* foi un libro fundamental porque permitiu a moita xente que tiña reticencias lanzarse a escribir en galego. Era xente que tiña desexos de escribir en galego, pero medo de facelo mal. É un libro fundamental.

—E outro título de Galaxia que marcou aquela infancia foi «O Principiño», en versión de Carlos Casares.

—Tamén, claro, e foi moi importante porque abriu a liña do libro infantil e xuvenil. E, seguindo coas traducións, agora imos presentar o *Ulises* en galego.

—Ademais a primeira lingua á que se traduciu na Península Ibérica un fragmento do libro de Joyce foi o galego, da man de Otero Pedrayo.

—Si, don Ramón xa publicara unha tradución dunha parte na revista *Nós*, moito antes de que aparecesen versións en castelán, portugués, catalán ou vasco.

«Eu lin desde o primeiro ata o último libro publicado por Galaxia»

«Eu desde dentro vivín os últimos trinta anos de Galaxia, pero xa cando estaba estudando en Madrid tiña un sentimento galeguista e fun lendo todos os libros que publicou Galaxia. Lin desde o primeiro, *Antifona da Cantiga*, de Ramón Cabanillas, ata o último libro publicado por Galaxia», lembra Benxamín Casal. O presidente da empresa tamén reivindica o compoñente colectivo que ten o proxecto: «No activo hai que incluír aos traballadores de Galaxia, aos seus colaboradores, aos autores e tamén aos lectores, que son un activo importantísimo da editorial».

—¿Como batallaban coa censura no franquismo?

—Era unha batalla que era difícil de librar, así que había que actuar con trampas como facían eles. Era o mellor método. Había que facer a contratrampa ao trampo. Era coma xogar ao póker coas cartas marcadas. Era a triste estratexia na que había que operar. Eu afortunadamente xa vivín outros tempos en Galaxia, isto foime contado logo.

—Unha censura que mesmo dificultou o labor de «Grial».

—*Grial* foi suspendida durante uns anos porque non estaba autorizada como revista e tiña que pasar uns filtros moi duros da Dirección Xeral de Prensa e Propaganda, que daquela eran dúas cousas que ían moi xuntas... A estratexia foi chamarlle *Cadernos Grial* e así seguiu ata que, creo que foi xa na época de Fraga, pasou a chamarse de novo revista *Grial*.

—E aí segue «Grial», ben vivíña.

—Si, aí segue, e tamén como revista dixital, porque agora un dos proxectos que temos é lanzar unha plataforma dixital a final de ano ou principios do 2014. Pretendemos lanzarnos a ese mercado, pero non como unha web de descarga de *e-books*, senón como unha estratexia integradora, con presenza na blogosfera, nas redes sociais e con espazos de interacción.

—Véxolle entregado ás novas tecnoloxías...

—¡Non hai máis remedio! Nestes momentos estamos obrigados porque a globalización o esixe. Non nos podemos pechar no noso mercado, temos que estar no mundo e no dixital. Temos que promocionar a cultura galega ao mundo.

